



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Costas González, Xosé Henrique
Estévez Toranzo, Margarita
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Jato Rodríguez, M^a Victoria
Lameiras Fernández, María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Vilán Vilán, Xosé Antonio

DECANOS/DIRECTORES:

Arias Sánchez, Pedro
Barreiro Alonso, Enrique
Caballero Rúa, Armando
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Miguel Palacios, Carlos Juan
Gutiérrez Nieto, Manuel
López Díaz, María
Noia Campos, M^a Camiño
Vila Alonso, Mercedes

PDI-A:

Alba Castro, José Luis
Cabeza Pereiro, Jaime
Fernández Souto, Ana Belén
González Cerdeira, Xulia
Grande Seara, Pablo
Graña Rodríguez, Ana María
Meana Martínez, Juan Carlos
Mejías Sacaluga, Ana María
Pereira Domínguez, Alejandro

PDI-B:

Fernández Covelo, Emma

ESTUDANTES:

Sánchez Gálvez, Estevo
Terol Martín, Irene

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Díez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Alén González, Elisa
Gil Villanueva, José María
Pino Juste, Margarita

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 10 de maio de dous mil once, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na sala de xuntas da Reitoría.

O martes día **10 de maio de 2011**, ás 10:05 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 15 de abril de 2011.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, das directrices para o seguimento de títulos oficiais.
4. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.
5. Aprobación, se procede, da modificación puntual da normativa do profesorado interino de substitución.
6. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2011/2012.
7. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2011/2012.
8. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da universidade de Vigo para o curso académico 2011/2012.
9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Internacional (México); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Internacional (México) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Universitario Nacional del Arte (Argentina); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e o Instituto Universitario Nacional de Arte (Argentina) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Estadual de Londrina (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade

Estadual de Londrina (Brasil) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de Quilmes (Argentina); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (ESPAÑA) e a Universidad Nacional de Quilmes (Argentina) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidad Marista de Mérida (México); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Marista de Mérida (México) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundação Universidade de Brasília (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Brasília (Brasil) para o intercambio de estudantes.

10. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 15 de abril de 2011.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Toma a palabra o reitor para informar, en primeiro lugar, das últimas actuacións relacionadas coa gobernanza do Campus do Mar. Sinala que na última reunión do Consello Reitor nomeouse o equipo directivo e acordouse que, ata que non se constituía en consorcio público-privado, sexan as institucións as que se responsabilicen dos recoñecementos académicos e económicos que correspondan. Pola Universidade de Vigo, o Prof. Emilio Fernández seguirá como comisionado para o Campus do Mar e a Pr^{ra} Elsa Vázquez, directora da Área de captación de talento, terá a equivalencia de directora de Área. O reitor destaca que, polo que se refire a desgravacións docentes e renumeración, os que sexan nomeados estarán sometidos á normativa xeral en materia de recoñecemento de cargos e representantes institucionais e non contempla descontos ou recoñecementos adicionais que non estean dentro da normativa.

Informa que o equipo de dirección achegou o Plan de actividades 2011-2012, que foi aprobado polo Ministerio de Educación, polo que a Xunta de Galicia xa pode proceder ao ingreso do diñeiro do Campus de excelencia internacional e poderase empezar a pór en marcha as liñas de actuación que están tipificadas no plan de actividades. O plan de actividades publicarase na web do Campus do Mar.

O reitor informa que o seguinte paso é a formación de comisións executivas en cada área (de investigación, de transferencia, de captación de talento e de internacionalización). Na próxima reunión do Consello Reitor que terá lugar, posiblemente no mes de xuño, saberase quen van ser os coordinadores de cada clúster.

Para rematar, o reitor informa que o día 28 de abril tivo lugar a constitución do grupo de traballo de universidades da Eurorexión I+D+i dentro da RESOE (grupo de traballo adherido á macrorexión).

O reitor sinala que é o representante do Sistema Galego de Universidades e que na primeira reunión deseñouse a folla de ruta do grupo de traballo adherido á macrorexión. Trátase de analizar propostas que permitan dar respostas concretas ás necesidades da macrorexión (territorio, medio ambiente, etc.). A esta comisión de reitores vanse a incorporar o reitor da Universidade de León conxuntamente con outros reitores das universidades portuguesas. Sinala que é unha prioridade do grupo de traballo intentar que as universidades poidan participar no escenario da Estratexia 2020 da Unión Europea, establecendo alianzas para facer realidade unha auténtica eurorrexión e ser capaces de influír na gobernanza de Europa para o desenvolvemento dos nosos territorios.

Punto 3. Aprobación, se procede, das directrices para o seguimento de títulos oficiais.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Alumnado, Docencia e Calidade, quen comeza expondo a importancia do seguimento de títulos oficiais universitarios co obxecto da renovación das acreditacións, que este tipo de proceso debe formar parte da actividade dos centros e que, polo menos unha vez ao ano, os responsables deben reflexionar sobre os títulos que se imparten e se é preciso que se propoñan cambios. Na súa opinión, as directrices xerais para o seguimento de títulos oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo axudarán ás universidades na identificación de boas prácticas e na toma de decisións para as melloras de necesaria incorporación no transcurso da implantación dos plans de estudos. Dada a súa transcendencia, o vicerreitor considera que deben ser aprobadas polo Consello de Goberno.

Intervén o Prof. Armando Caballero recoñecendo a necesidade dun informe de seguimento dos títulos, continúa cunha reflexión sobre o incremento da carga burocrática que supón a xestión de másteres e doutoramentos e os escasos recursos económicos dispoñibles para facerlles fronte.

Responde o vicerreitor que no que se refire a graos e másteres desde a súa vicerreitoría séguese co plan de apoio de bolseiros aos procesos de calidade e que racionalizaron a repartición de bolsas.

O reitor agradece a reflexión do Prof. Armando Caballero, e indica que o punto refírese á aprobación dunhas directrices xerais para o seguimento de títulos.

Intervén o Prof. Manuel Gutiérrez para sinalar que desde o seu punto de vista debe ser o persoal de administración do centro o que debe estar profesionalizado para esa xestión, sen depender de bolseiros.

O reitor responde que a ninguén se lle escapa que os procesos de calidade teñen a súa esixencia e carga de traballo. Que hai que optimizar os recursos o mellor posible, pero que o proceso de seguimento de títulos oficiais vén imposto por normativa legal e que se trata de contribuír a minorar o shock que de entrada producen a implantación dos sistemas de calidade.

Apróbase por asentimento as directrices que se recollen no **Anexo I**.

Punto 4. Creación, se procede, de prazas dos corpos docentes a prover mediante concurso de acceso entre acreditados.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen sinala que na COAP celebrada o 6 de maio de 2011 déuse informe favorable a creación das seguintes prazas:

Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción da Prf^a Rosana Álvarez Rodríguez.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción do Prf. Yagamare Fall Diop.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do corpo de Catedráticos de Universidade na área de Química Orgánica pola promoción da Prf^a María Xenerosa Gómez Pacios.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do corpo de Titulares de Universidade na área de Ecoloxía pola promoción da Prf^a Celia Olabarría Uzquiano.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do corpo de Titulares de Universidade na área de Física Aplicada pola promoción do Prf. Diego González Salgado.

Apróbase por asentimento.

Unha praza do corpo de Titulares de Universidade na área de Historia Contemporánea pola promoción do Prf. Domingo Rodríguez Teijeiro.

Apróbase por asentimento.

Punto 5. Aprobación, se procede, da modificación puntual da normativa do profesorado interino de substitución.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen sinala que as modificacións da normativa afectan fundamentalmente á exclusión da posibilidade de cubrir docencia por medio de contratos de substitución a tempo completo. As razóns que avalan esta modificación son de tipo conceptual e, fundamentalmente, de tipo orzamentario. Esta modificación foi tratada coa mesa de negociación do PDI laboral onde se manifestaron reservas. A modificación foi aprobada na reunión da COAP de 6 de maio.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prf. Jaime Cabeza para dicir que comprende as razóns orzamentarias que animan á eliminación dos contratos de substitución a tempo completo. Seguidamente, chama a atención sobre unha cuestión de legalidade no punto 1.2 da normativa que, remitíndose ao establecido nos arts. 3 a 10 da Lei 53/1984 de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, impide aos profesores interinos de substitución desempeñar outra actividade no sector público. Na súa opinión non hai razón para manter esa incompatibilidade por ser contratos a tempo parcial.

Responde a vicerreitora que se trata dunha cláusula que xa estaba na normativa anterior e que non foi modificada porque permite cumprir coa finalidade da norma, que é cubrir prazas de substitución por razóns de urxencia sen ter que esperar á autorización de solicitude de permisos de compatibilidade.

Intervén o Prf. Jaime Cabeza para solicitar que desapareza a limitación do punto 1.2 da normativa porque impide a profesionais ao servizo da administración pública optar por esta modalidade de convocatoria. Sinala que a súa desaparición favorecería que os profesores que cesan como asociados formasen parte da lista de substitución.

A vicerreitora responde que o consultará cos servizos xurídicos e de PDI.

Intervén o Prf. Bienvenido Diez para dicir que se reflexione sobre se a desaparición do punto 1.2 pode ter consecuencias para o colectivo.

Intervén o Sr. Luís Pérez para mostrar o seu desacordo coa petición da derogación da cláusula de incompatibilidade recollida no punto 1.2. Na súa opinión ten pleno sentido e, desde o punto de vista sindical, implica outorgarlle certos dereitos aos que figuran na lista de espera.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para solicitar información sobre se a modificación vai influír en que se cubran con máis rapidez as vacantes cando se esgoten os suplentes nas listas de espera.

A vicerreitora contéstalle que non, e que, nese caso excepcional, recorreríase á figura do profesor invitado.

Intervén o Prf. Jaime Cabeza para insistir en que non aprecia ningún tipo de contradición e solicita á vicerreitora que estude o tema.

Intervén a Prf^a Ana Graña para dicir que tal como está redactada a cláusula cumpre os obxectivos para os que foi redactada.

Intervén o reitor para someter a votación a normativa e sinalar que se fará a consulta técnica por se existe algunha incoherencia desde o punto de vista legal.

Apróbase por asentimento a modificación da normativa que se recolle no **Anexo II**.

Punto 6. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2011/2012.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado. Sinala que, con motivo da entrada en vigor dos graos no curso académico 2008/2009, se fixo unha foto fixa da carga docente nese momento e que con esa carga docente estableceuse unha previsión de persoal consolidable para os cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12. Así pois, para o curso 2011/12 (último do plan anterior), no documento recórdanse as condicións e requisitos para a saída a concurso de prazas de profesorado ou contratación de visitantes e lectores, así como as condicións para a cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias. Sinala que, en relación aos contratados Marie Curie e outras posibles figuras, a súa incorporación ao POD analizarase cando entre en vigor o Estatuto do PDI. Así mesmo, sinala que, en circunstancias extraordinarias, será posible recorrer á fórmula de horas extraordinarias ou complementarias do profesorado contratado laboral nos termos establecidos no II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades galegas.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prf. Jaime Cabeza quen di que, tal como está recollido no Convenio Colectivo, se deben recoñecer horas extraordinarias, pero con carácter excepcional para evitar que causen desviacións. Propón que se recoñezan en situacións como baixas por maternidade ou transición de plans de estudos. Propón tamén que debería estenderse esta posibilidade para os funcionarios a modo de gratificacións.

A vicerreitora di que, en principio, é contraria á utilización das pagas extras, pero que está contemplado no Convenio Colectivo aínda que con certos límites. Opina que non se debe estender ao profesorado funcionario.

Intervén o Prf. Bienvenido Diez expresa que os comités de empresa están en contra das horas extras.

Intervén o Sr. Luís Pérez sinalando a súa opinión contraria ás horas extras.

Intervén o Sr. Xan Cebro para dicir que se recollen no Convenio Colectivo aínda que pide un control máximo do uso que fai o PDI.

Sométese a votación:

Votos a favor 29.

Votos en contra 0.

Abstencións 6.

Apróbase a normativa que se recolle no **Anexo III**.

Punto 7. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD e do concurso de profesorado contratado para o curso 2011/2012.

Cédese a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado quen solicita a delegación como se ven facendo en cursos anteriores.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Aprobación, se procede, da convocatoria de prazas e bolsas de aloxamento para estudantes da universidade de Vigo para o curso académico 2011/2012.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria para expor que este curso, aínda que cun importante recorte de orzamento debido ás dificultades económicas e financeiras, se manteñen e ata se incrementan lixeiramente as prazas nas residencias dos tres campus e tamén as bolsas de aloxamento. Sinala, que se trata dunha convocatoria similar ás de anos anteriores e que se ofertan para o próximo curso 124 bolsas de aloxamento e 497 prazas de aloxamento nas catro residencias dos tres campus:

- 218 prazas no complexo residencial universitario O Castro en Vigo,
- 70 na residencia concertada A Peregrina de Pontevedra,
- 189 no complexo residencial universitario As Burgas de Ourense e
- 20 no complexo residencial concertado Alcai en Allariz.

O vicerreitor de Extensión Universitaria sinala que, respecto das axudas ao aloxamento, o próximo curso se ofertarán un total de nove bolsas máis que no actual curso académico. Que reestablecen dúas modalidades de axudas. O número de axudas de tipo A incrementábase de 53 a 54 bolsas e pasan de 115 euros cada unha delas a 120 euros por mes. No caso das de nivel B o incremento é de oito bolsas, ofertándose en total 70 bolsas de 60 euros mes, oito máis que as que se concederon no curso pasado. O vicerreitor de Extensión Universitaria continúa informando dos prazos de solicitude e dos prezos que apenas varían con respecto aos deste curso académico. Informa que os únicos centros que incrementan os seus prezos son O Castro en Vigo e As Burgas en Ourense

Apróbase por asentimento.

Punto 9. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Internacional (México); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Internacional (México) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Instituto Universitario Nacional del Arte (Argentina); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e o Instituto Universitario Nacional de Arte (Argentina) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidade Estadual de Londrina (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidade Estadual de Londrina (Brasil) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a

Universidade de Vigo e a Universidad Nacional de Quilmes (Argentina); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Nacional de Quilmes (Argentina) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e Universidad Marista de Mérida (México); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Universidad Marista de Mérida (México) para o intercambio de estudantes; Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundação Universidade de Brasilia (Brasil); Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo (España) e a Fundação Universidade de Brasilia (Brasil) para o intercambio de estudantes.

Apróbanse por asentimento.

Intervén o Sr. Xan Cebro para facer o rogo de que se faga un esforzo para incrementar a firma de convenios que acorden ventaxas para o colectivo do PAS. Fai a mesma petición respecto dos convenios Erasmus para o mesmo colectivo.

Punto 10. Rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Estevo Sánchez para chamar a atención sobre o atraso na publicación das bolsas de comedor.

Responde o vicerreitor de Docencia e Alumnado xustificando que o atraso obedece a que este ano o número de peticións de bolsas foi masiva e espera que a lista sexa publicada a fin de mes. Sinala que hai certa saturación no servizo.

Intervén o Sr. Xan Cebro para facer unha reflexión sobre as negociacións que se iniciaron no Campus de Ourense para reestruturar a RPT do PAS funcionario. Opina que é un proceso que implica unha modificación moi profunda na RPT. Di que no Campus de Ourense hai certa preocupación pola nova estruturación. Pide ao equipo de goberno reflexión e tempo suficiente para lograr unha RPT con futuro, estable e que de servizo á cidadanía e aos alumnos.

Intervén o vicerreitor de Economía e Planificación dicindo que o que se fixo ata agora é un debate necesario, que as datas son esixencias do plan de financiamento. Que, de momento, trátase dunha proposta para iniciar procesos de negociacións e que se comezou polo Campus de Ourense. É unha proposta de organización indispensable. Hai que aceptar que a RPT do ano 2011 non pode ser a RPT de 1989 ás que se foron acumulando todas as contratacións que por enriba da RPT se foron facendo todos estes anos.

Intervén o xerente dicindo que se trata de dar respostas a necesidades que xurdiron nos últimos anos e abordalas. Comprende o punto de vista exposto e coincide en que hai que apostar polo mellor resultado posible.

Intervén o Prof. Alejandro Pereira para preguntar pola noticia aparecida na prensa sobre o Máster de Enxeñaría Industrial organizado pola USC.

Contesta o reitor que a fonte de información da noticia de prensa non é o Consello de Universidades. Que pode proceder dunha filtración da USC. Que a súa obriga é informar cando a fonte da información é o propio Consello Galego de Universidades. Que a súa posición é a supresión do máster ata que se abra a o mapa de titulacións.

Intervén o Sr. Federico Fernández para preguntar polos prazos nos que se entregarán determinados edificios e sobre o procedemento para dotar do persoal necesario para a xestión dese centro. Sinala que están paralizadas as conversacións coa Xerencia sobre a promoción interna do persoal laboral.

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que a dotación do CACTI estará lista o mes que vén, e respecto ao MTI está proxectada a súa finalización despois do verán. Tamén sinala que as negociacións sobre a Disposición Adicional 9 do Convenio Colectivo do persoal laboral están paralizadas e deben abrirse vías de negociación.


Intervén o xerente para dicir que recolle a suxestión e retómanse as negociacións e volverase a convocar á Comisión Negociadora.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:30 horas do día 10 de maio de 2011 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M^{ra} Inmaculada Valeije Álvarez